

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Organismo: Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal

Capítulo:	
Epígrafe:	
(Para cubrir no "Diario Oficial de Galicia")	

SUMARIO:

Orde do 26 de marzo de 2025 pola que se modifica a ORDE do 20 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o ano 2025 os compromisos de mantemento de forestacións, cofinanciados polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da Política Agrícola Común de España para o período 2023-2027 (Código de procedemento MR670C).

TEXTO:

(Escribir a dous espazos)

O día 14 de xaneiro de 2025, a Consellería do Medio Rural publicou a ORDE do 20 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o ano 2025 os compromisos de mantemento de forestacións, cofinanciados polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da Política Agrícola Común de España para o período 2023-2027 (Código de procedemento MR670C).

Esta orde encádrase na Intervención 6502.2 – Compromisos de mantemento de forestación e sistemas agroforestais- subintervención 65022_01 – Mantemento de forestacións ou repoboacións forestais contidas no Plan estratéxico da política agraria común de España 2023-2027 (PEPAC) e cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

A citada orde é unha convocatoria en concorrencia non competitiva en cumprimento das directrices establecidas pola Comisión na resposta do 14 de febreiro de 2023; en relación a previsión de que *"os Estados membros deben asignar un orzamento suficiente para que as devanditas intervencións cubran toda a área obxectivo e as*



necesidades identificadas” polo que este órgano xestor adquiriu o compromiso de ampliar o crédito da orde de convocatoria (artigo 15.3) no caso necesario.

A dotación asignada no código de proxecto 15.03.713B.770.0.2024 00105 é insuficiente para atender a todas as solicitudes que cumpren cos criterios da orde de axudas, polo que cómpre, mediante esta orde, ampliar a dotación orzamentaria das anualidades 2025, 2026, 2027, 2028 e 2029 para a concesión das mencionadas axudas.

O artigo 15 da citada orde de convocatoria indica que existe a posibilidade de ampliación de crédito nos supostos previstos no artigo 30 do Decreto 11/2009, do 8 xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e indica que o órgano concedente procederá a publicar esta ampliación nos mesmos medios que a convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver. Neste caso procede o incremento do orzamento da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

Por todo o anterior, procede ampliar a dotación orzamentaria asignada con cargo ás dispoñibilidades orzamentarias existentes na aplicación 15.03.713B.770.0 por importe de 625.000 euros, distribuídos nas anualidades 2025 a 2029, con 125.000 euros anuais.

Ademais, considerase necesario harmonizar o texto da orde de convocatoria e incluír no artigo 2 a orde de convocatoria de primas de mantemento das forestacións do ano 2023 (DOG nº 227 do 29 de novembro de 2022).

A modificación da orde de convocatoria proposta non implica unha modificación de prazos e non afecta o prazo de presentación de solicitudes.

En consecuencia, de conformidade co previsto no artigo 30.1.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e no uso das facultades que me confire a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de acordo co disposto na Lei 1/1983, do 22 de



febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e demais normativa concorrente,

DISPOÑO:

Artigo 1. Modificación da ORDE do 20 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o ano 2025 os compromisos de mantemento de forestacións, cofinanciados polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da Política Agrícola Común de España para o período 2023-2027 (Código de procedemento MR670C).

A ORDE do 20 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o ano 2025 os compromisos de mantemento de forestacións, cofinanciados polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da Política Agrícola Común de España para o período 2023-2027 (Código de procedemento MR670C), queda redactada como segue:

Un. Modifícase o número 1 do artigo 2 da referida orde, que queda redactado como segue:

"1. Poderán ser persoas beneficiarias todos os titulares dos expedientes pagados antes do 31 de decembro de 2024 ao abeiro das seguintes ordes: Orde do 25 de novembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a creación de superficies forestais e se convocan para o ano 2020 (DOG nº 232, do 5 de decembro de 2019), do 31 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a creación de superficies forestais e se convocan para o ano 2021 (DOG nº 18, do 28 de xaneiro de 2021), do 27 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a creación de superficies forestais e se convoca para o ano 2022 (DOG nº 21 do 1 de febreiro de 2022) e do 23 de novembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a creación de superficies forestais e se convoca para o ano 2023 (DOG nº 232 do 7 de decembro de 2022) cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (en diante Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (procedemento MR670B); e que non fosen beneficiarios das primas de mantementos convocadas nos anos 2019 (DOG nº 23, do 1 de febreiro de 2019), 2020 (DOG nº 229, do 2 de decembro de



2019), 2021 (DOG nº14 do 22 de xaneiro de 2021), 2022 (DOG nº 242, do 20 de decembro de 2021) e 2023 (DOG nº 227 do 29 de novembro de 2022) (código de procedemento MR670C) e que acepten os compromisos de mantemento de forestacións establecidos no artigo 3”.

Dous. Modifícase o número 1 do artigo 15 da referida orde, que queda redactado como segue:

”1. As accións previstas nesta orde financiaranse con cargo a aplicación orzamentaria 15.03.713B.770.0 2024 00105 e coa seguinte distribución anual:

Ano	2025	2026	2027	2028	2029	Total
Importe (€)	1.085.000	1.085.000	1.085.000	1.085.000	1.085.000	5.425.000

Artigo 2. Ausencia de efectos sobre o prazo de solicitudes

A modificación prevista no artigo 1 desta orde non afecta o prazo de presentación de solicitudes.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2025

María José Gómez Rodríguez
Conselleira do Medio Rural

INSÍRASE EN DOG
O secretario xeral técnico
Jorge Atán Castro